



ACTA N° 2021/9

Sesión ordinaria do Pleno do Concello

Sala de sesións da casa do Concello, venres 30 de xullo de 2021

No día de hoxe, ás 09:11 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D^a. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa (PSdeG-PSOE)

ASISTEN:

PsdeG-PSOE:

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D^a. María José Pose Pérez

D. Miguel Ángel Pérez Méndez

D^a. Rosa Blanco Lema

PP:

D^a. Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

Adiante Vimianzo:

D^a. Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D. Francisco Javier Trillo Pazso

SECRETARIO:

D. Francisco Javier Novoa Juíz

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D^a. Rosa María Sánchez Martínez

AUSENCIAS:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Adiante Vimianzo

D^a. María Jesús Barbeira Pose, por motivos persoais.

Asisten telemáticamente todos os membros da corporación excepto os pertencentes ao grupo político do PsdeG-PSOE, agás D. Mario Andújar Mouzo que asiste telemáticamente.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada os 25 de xuño de 2021.

2º. Ditame sobre designación de festivos locais para o ano 2022 (expte núm. 2021/X999/000819).

3º. Ditame sobre aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021. (expte núm. 2021/A008/000041).

4º. Ditame sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2020.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

6º. Mocións de urxencia.

7º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada os 25 de xuño de 2021.



En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, queda aprobada por unanimidade dos/as presentes, a acta da sesión ordinaria de 25 de xuño de 2021.

2º. Ditame sobre designación de festivos locais para o ano 2022 (expte núm. 2021/X999/000819).

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, do día 27 de xullo de 2021, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre festivos locais para o ano 2022. Exp. 2021/X999/000819

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 12 de xullo de 2021, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: designación de festivos locais para o ano 2022. Exp.2021/X999/000819

Visto o Decreto 97/2021, do 10 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2022, que no seu artigo 2, respecto as festas locais, sinala: "(...)Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia.(...)".

Tendo en conta o anteriormente exposto, proponse ao Pleno, previo dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:



PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2022 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- 1 de marzo (martes de entroido)
- 8 de agosto (festas de verán)

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que asino, en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

O que asino en Vimianzo
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

A Alcaldesa-Presidenta explica que aínda que normalmente se collía como un dos festivos locais, San Vicenzo, ao ser sábado, proponse o martes de entroido como se fixo noutros anos similares.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

3º. Ditame sobre aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021. (expte núm. 2021/A008/000041).

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, do día 27 de xullo de 2021, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021. Exp. 2021/A008/000041

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de xullo de 2021, que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación da segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) Adicional 2/2021. Exp. 2021/A008/000041.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP núm. 205 do 1 de decembro de 2020, así como a circular sobre a elaboración do POS+Adicional 2/2021 por maior achega da Deputación provincial da Coruña (RE 202100000002405, de 18/06/2021), no que comunican que a cantidade asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 385.363,04 euros e a Resolución da Alcaldía núm.706/2021 de data 08/07/2021 respecto da solicitude da 1ª fase, quedando para a 2ª fase a contía de 323.288,93 €, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

1.- Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de acceso ao Sisto, Baíñas	149.252,96 €	13.737,04 €	162.990,00 €
Rede de saneamento no lugar Quintáns de Treos no Concello de Vimianzo	174035,97 €	20.000, 00 €	194.035,97 €
TOTAL	323.288,93 €	33.737,04 €	357.025,97 €

Maior achega provincial asignada ao concello	385.363,04 €
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	62.074,11 €
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	323.288,93 €



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, condicionado ao establecido nos informes técnicos xurídicos que constan nos expedientes.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente).”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstención (2 AV e 1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa



Mónica Rodríguez Ordóñez”

A Alcaldesa-Presidenta explica que estamos ante obras complementarias doutras que xa se aprobaron pero que ao non poderse executar inclúense neste plan adicional que se fará en dúas fases, entre elas, atópanse na 2ª fase a obra de Baíñas e Treos sendo a diferenza de 33.327 euros que se aportará con recursos propios.

Dna. Raquel Rodríguez manifesta que as obras son proposta do goberno e non irán en contra.

Dna. Marta Rey dí que o saneamento de Treos xa o comenzara o seu goberno e se asumiu polo presente e sendo cuestión de prioridades xa debería estar rematado e critica que o arranxo da entrada do Sisto non é tan importante como outras zonas da parroquia. Remata comunicando que non impedirán que se fagan as obras polo que o seu voto será favorable.

A Alcaldesa-Presidenta contesta as obras de saneamento de Treos non se fixeron porque houbo que modificar o proxecto e incluílo nun complementario e obter as autorizacións, ademáis esta de acordo con que hai moitas obras pendentes importantes pero a entrada do Sisto o é, xa que agora non entran dous coches na mesma.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

4º. Ditame sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2020.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do día 31 de maio de 2021, que se reproduce a continuación:

“1. Conta Xeral do exercicio 2020.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 11 de maio de 2021, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO CONTA XERAL DE 2020

Considerando a necesidade de proceder a aprobación Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2020, en cumprimento do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Considerando que, formada e informada dita Conta Xeral, pola Intervención Municipal, foron comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación, por esta Presidencia propón o seguinte acordo,

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2020, que quedou cumpridamente xustificada, e que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) O de cambio do patrimonio neto.
- e) O estado de fluxos de efectivo.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.

SEGUNDO. Ordenar que a referida Conta, así como o propio informe emitido por la Comisión de Contas, sexan expostos ao público, por prazo de quince días, a fin de que durante dito prazo e oito máis, quen se estimen interesados poidan presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións, teñan por convenientes.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordoñez.”

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, 3 abstencións (2 de AV e 1 do PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que como saben doutros anos, as contas se fixeron pola responsable da intervención.

Dna. Marta Rey dí que non está de acordo como se está a levar o concello e de feito no informe de intervención ponse de manifesto o exceso de contratos menores e os reparos existentes.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que non se debería buscar polémica neste asunto, que os contratos menores están dentro da legalidade e se utilizan para casos prioritarios en favor dos veciños xa que esa é a finalidade.



A Alcaldesa-Presidenta contesta que os veciños volveron a solicitalo e había que remitir e apoiar a petición ó órgano autonómico para que proceda a iniciar o expediente.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 6 (PSdeG-PSOE)

ABSTENCIÓNS: 5 (A.V.; PP).

Quedando polo tanto aprobada para a súa remisión ó Tribunal de Contas.

B) Sección de control

5º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O secretario da conta dos números das Resolucións da Alcaldía adoptadas dende o día 23/06/2021 con número 631/2021 ata o día 27/07/2021, con número 765/2021.

6º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

7º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez comunica que non presenta rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey pregunta se se arranxou o vertido no paseo fluvial de Vimianzo e se este continúa.

Roga que se faga un plan programático para arranxar as pistas municipais.

Por último pregunta sobre unha festa no lugar de Calo o Sábado estando en nivel alto de restricións e se se fixo algún tipo de control.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que lle gustaría que sendo tres portavoces mulleres se puidera falar e que cambiase a actitude respecto a portavoz de A.V.

Continúa expoñendo que representan á corporación que xa é hora de traballar por Vimianzo deixando as polémicas a un lado como se vivía co anterior portavoz de A.V. que incidía no ámbito político pero tamén no persoal e familiar.



En relación ao vertido, dí que trasladou ao departamento de augas e lle dixeron que estaba todo ben sen perxuízo de que tanto ela como os seus compañeiros están as 24 horas a dispor dos membros da corporación.

En relación coas pistas, traslada que tanto en Santa Cristina de Vilaseco como noutros puntos, é necesario asfaltar e arranxar pero como xa manifestou, o presuposto é o que é para a demanda existente e se é urxente se faría por contrato menor.

Respecto á Festa de Calo, manifesta que foi a comunión da súa filla nun terreo particular coa autorización de sanidade, número de asistentes, comunicación previa municipal e que amáis se fixeron probas a todos cumprimento con aforo e límite horario, estando a súa disposición a documentación que así o acredita.

Continúa dicindo que lle parece triste que non se mire por Vimianzo e sí pola súa vida persoal, da que ten dereito a desenrolar sendo desafortunado que A.V. siga coa postura anterior tendo pouca sensibilidade e tocando unha fibra emocional con este asunto sendo como é nai tamén.

Traslada que lle acaba de comunicar o concelleiro que hai unha avaría na bomba vella e de ahí o vertido.

Dna. Marta Rey replica que só está a trasladar o que se lle piden os veciños.

A Alcaldesa-Presidenta manifesta a súa sorpresa, xa que como a súa filla, outros nenos fixeron a comunión ese día e que en todo caso, é a súa vida persoal e non se pode mesturar coa política e nunca comentaría asuntos persoais da portavoz de A.V. no pleno da corporación.

Pide que se critique o seu traballo e do seu equipo no seu caso, pero que se deixe en paz á familia, ademáis despois de dous anos, o seu goberno non mirou para atrás nin analizou o que fixo o anterior polo que reitera que se deixen os asuntos persoais de lado.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:53 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, a 30 de xullo de 2021.

A Alcaldesa-Presidenta

O Secretario Xeral

Mónica Ródriguez Ordóñez

Francisco Javier Novoa Juíz